

O CANDIL

Maio 1995

Nº 6



AS CARAS DE RAFAEL DIESTE
HOMENAXE A UN HOME

CONTOS DE NENOS

(I CONCURSO DE CONTOS INTERCENTROS)

DIESTE EN CARBALLEIRA

Co gallo do **Día das LETRAS GALEGAS de 1995** sacamos á rúa o **I CONCURSO DE CONTOS** para celebralo dun xeito moi especial. A participación estivo de acordo coas expectativas iniciais, para unha primeira vez, concursando de forma voluntaria máis de tres centos de nenos e nenas do concello, ós que dende aquí lle damo-las gracias.

Os contos que aparecerán nunha primeira parte de ‘O Candil’ son os premiados do Concurso de Contos 1995, ós que acompañarán tamén algúns accésits. Nunha segunda parte poranse, como se fora un pequeno “collage”, parágrafos de tódolos artigos nos que Johán Carballeira nomea ou fai referencia do seu amigo **RAFAEL DIESTE**, ó que este ano se lle dedica o día das Letras Galegas. Se o artigo ten **(T)** quere dicir que foi traducido do castelán ó galego.

A máis grande parte dos debuxos son dos mesmos nenos que escribiron os contos.

Unha vez máis, un sinxelo agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos; hoxe un recoñecemento moi especial a tódolos mestres/as dos Colexios de Beluso e Virxe Milagrosa de Bueu e a tódolos nenos/as participantes neste I Concurso de Contos.

A bibliografía e fontes de consulta empregadas foron os alumnos premiados, a revista Galicia, Estampa e os xornais ‘El Pueblo Gallego’ e ‘Faro de Vigo,..

***“Vidas con fios que se proxectan
en espazos tanxibles preto de nós,
xorden das entrañas da mente
e fan do noso ser un conto.”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás

Colaboran: Mestres e alumnos dos Colexios do Concello de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Antonia Castro García e Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé Luis Fdz. Aldegunde

Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

1º PREMIO Categoría - A (1º-2º de Primaria)


O CAN PERDIDO

de **NURIA GONZÁLEZ FERRADÁS** (6 anos) 1º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU

Érase unha vez un can que ninguén o quería e sempre estaba só.

Tiña moita fame, e un día meteuse nun caldeiro do lixo e atopou un rato e fixéronse amigos.

Foron dar un paseo pola rúa e un coche case atropela ó rato. ¡Vaia susto levaron!. Desde aquela nunca máis volveron a pasar entre os coches e se querían pasar cruzaban polo paso de peóns.



2º PREMIO Categoría - A (1º-2º de Primaria)

UN DÍA NO CAMPO

de **DIEGO GONZALEZ CABANELAS** (8 anos) 2º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU

Á miña familia e a min gústanos moito ir ó campo. Sempre que imos pasámolo moi ben, aunque nunca nos pasa nada especial. Pero acordeime dun día que foi especial:

Era o cumpreanos da miña nai e decidimos ir celebralo ó campo, o meu pai regaloulle a miña nai unha tarta de cumpreanos, que tamén levamos o campo. Fomos todos, os avós, os tíos, as miñas curmáns, os meus pais, o meu irmán e eu.

Ó chegar, os meus pais puxeron toda-las cousas, a mesa e a sombrilla; debaixo dunha árbore a cesta da comida a neveira e a caixa coa tarta dentro. Nós estábamos xogando coa pelota ó fútbol, ó lado había moita xente, familias coma nós, ás veces mesturábamonos uns cos outros. Pouco antes de comer pasou unha cousa moi divertida, un neno pequeno que andaba por alí, púxose enriba da caixa da tarta. a miña nai que o viu foi correndo e colleuno polos brazos e púxo no chan, logo abriu a caixa para ver a tarta. sorreiu e dixo: ¡Non lle pasou nada!. Todos nos rimos moito. Despois de comer cando íamos tomar o postre, a miña nai colleu a caixa da tarta e púxo enriba da mesa e quitoulle a tapa e cal foi a súa sorpresa, que dentro da caixa había un montón de formigas. Todos nos rimos moito e miña nai dixo. ¡Eh! que non vos invitei. logo quitounas e puidemos comer a tarta. E así foi o día especial de campo que foi divertido e xogamos moito.

3º PREMIO Categoría - A (1º-2º de Primaria)

A AVENTURA DE MARÍA

de MARIA NOVAS FERRADAS (8 anos) 2º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU

Nun pobo vivía unha nena que se chamaba María. María tiña unha cadela que se chamaba Treisi. Treisi era moi mala sacaba a terra das plantas, e nunca se cansaba de comer.

Treisi tiña tres cadelinhos. Bolita que era o máis grande, Guantito que era o mediano e Koki que era o pequeno.

Un día María volvía do colexio pensando que a súa nai estaría na casa, pero ó intentar abri-lo portal ¡estaba pechado! Entón María escoitou gritos na casa. María abandonou o muro e seguida polos berros puido saber quen era e onde estaba. Era Kaki que estaba metido debaixo dunhas madeiras, e debaixo das madeiras fixeran un buraco que miña nai tapara con pedras. María rapidamente saca as pedras do buraco e cando vai sacala última sentiu unhas cochegas na man. ¡era o seu fuciño!. María saca a Koki. ¡está salvado!. Koki deixa de chiar e lambe a María. María deixa a Koki no chan e volve abandonalo muro e vaise á da sua avoa. Cando chegou a súa nai nai cóntalle toda a historia e vaise para a súa casa.

Ó cabo dalgún tempo os cans eran moi grandes e o seu pai levounos ós seus novos donos. María quedou moi triste cando veu marcha-los cans, pero sabía que algún día ía ir a velos.



1º PREMIO Categoría - B (3º a 5º de Primaria)

A PRAIA É O MEU FOGAR

de SILVIA FARIÑA LOIRA 4º nivel COLEXIO VIRXE MILAGROSA de BUEU

A praia estaba deserta. Soamente estaba un pobre señor de ollos marróns e pelo castaño. A súa idade parecía de 35 anos, parecía forte e era bastante alto, o seu pelo non estaba peiteado, iso quería decir que non tiña casa, e tampouco cartos para comprar comida. Tódolos días estaba á beira do mar. O mar era o seu lugar favorito xa que sempre estaba alí, el chamábase Raúl e non tiña familia. Raúl tiña frío pero non refuxio, Raúl tiña fame pero non comida.

Raúl soñaba con bañarse no bonmito mar e facerse peixe. Un día Raúl tiña tantas ganas de ser peixe, que se tirou ó mar, quixo deixa-la terra e converterse nun peixe calquera, a Raúl xa non lle importaba nada, nin tampouco ningún, xa que quería tanto, tanto ó mar, caeu ó mar e fíxose o Rei.

Tódolos peixes chamábanlle Tritón, estaba sentado nunha grande silla de ouro e estaban tódolos peixes nun círculo ó redor del, pero el non se arrepentiu de querer facerse peixe en fin.

Entón Raúl pensaba. ¿Como será a miña familia? ¿Acordaranse de min? Será mellor non acordarse das persoas que me abandonaron, ademais xa non se acordarán de min, pensou Raúl con moita tristura. Naquel momento pasaba un peixe moi bonito e díxolle. ¿Ti erelo rei Tritón? ¿Non si?. El contestoulle: pois si, e ti ¿Quen eres?. Eu son un peixe e chámome Leré.

-¿Queres se-lo meu amigo?. Dixo que si e os dous foron paseando polo mar e cantando.

Agora o Rei Tritón é un amigo de tódolos animais que habitan no medio acuático como a sardiña, a pescada, a quenlla, o bonito, as medusas, as luras, as gambas, os langostinos, os mexillóns, as ameixas e moitos máis.....



2º PREMIO Categoría - B (3º a 5º de Primaria)

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

de CECILIA ESTÉVEZ ESTÉVEZ 4º nivel COLEXIO VIRXE MILAGROSA de BUEU

Era unha vez un día antes do día das Letras Galegas todo o mundo andaba nervioso poñendo carteis e anuncios. Ese ano non se sabía quen era o escritor que lle ían dalo premio.

Ese día puxeron un cartel na porta da miña casa a eu pareime a miralo e dixo unha voz:

- ¡Eh! , somos nós, as Letras Galegas.
- ¿Que? , si, as do cartel, as Letras Galegas.
- ¿Que queredes Letras Galegas?.
- Queremos que nos saques de aquí.
- ¿Pero como?.
- Pon as mans debaixo do cartel.

Así o fixen e logo as Letras Galegas saltaron nas miñas mans e eu quedei parvo ... Unhas letras que falan comen e cantan contentas.

-E dixen eu: Tomade un pouco da miña merenda.

-Si,si, dixeron as Letras Galegas todas agradecidas.

Fixeron unha festa e díxome miña nai: "Pon a roupa nova, imos para a festa.

E díxéronme as Letras Galegas ¿ Qué vas facer con nós?.

-Iredes á festa tamén.

As Letras Galegas saltaron contentas, ¡Viva, Hurra!, dicían todas á mesma vez.

-Veña, entrade no meu bolsillo todas.

Puxéronse á cola tódalas Letras Galegas e dixeron:

-Estamos apretadas, queremos saír, e eu collín metade delas e púxenas no outro.

-Agora estamos mellor- dixeron.

Cando chegamos á festa díxenlle a miña nai. -¿Podo ir ós coches de choque?

-Si, vaite, toma cen pesetas para mercar algo.Comprei un sobre sorpresa. Despois fun ós coches de choque e as Letras Galegas empezaron a poñerse enriba da miña roupa o a, b, c , d, etc., etc... Un rapaz maior ía tras miña, era Eduardo, curmán das miñas curmáns e díxenlle:

-¡Hola!

El contestoume o mesmo ¡Hola!.

Despois de baixar dos coches de choque encontreime con Adrián, o meu curmán dun ano ¡Ho! ¡Ho! a letra "A" púxose enriba do xersei de Adrián, terei que porme a carón del e quitarlla. Así foi, pasou o tempo e chegou o día das Letrs Galegas e tiven que despedirme delas chorando, fixeramos tantas cousas xuntas...



3º PREMIO Categoría - B (3º a 5º de Primaria)

O SEÑOR CLAUDIO

de ANA GONZÁLEZ OTERO 5º nivel COLEXIO PÚBLICO DE BELUSO

Érase unha vez un señor que se chamaba Claudio. O 'Señor Claudio', que así era como lle chamaba o seu amigo Vicente, vivía nunha choza moi pequena. El non tiña ningunha riqueza. O único que tiña era unha veiga bastante lonxe da choza, un burro que xa non podía coa alma, e unha galiña que o único que facía era comer. O señor Claudio do que máis vivía era da veiga., que era pequena, pero de tódolos xeitos, o señor Claudio tiña moitas cousas plantadas. Tiña un espacio con cebolas, outro con tomates, con pementos, tamén tiña un espacio pequeno, e un anaco con cenorias, tamén tiña un campo donde sempre lle collía herba para o seu burro.



Un día como tódolos días, preparou o burro, colleu unha bolsa para traer algo para comer, porque a casa estaba limpa de arriba abaixo, non había nada que levarse a boca. Asegurouse de que a casa estaba pechada e marchou. Camiña que camiña íanse acercando, o seu burro ía parando para aproveitar de comer a herba que había polo camiño. Pasara unha hora e xa estaban na veiga pero foi terrible, o señor Claudio non podía crer o que miraban os seus ollos. Toda a veiga estaba removida, as cenorias estaba desenterradas, e o mesmo sucedeu, coas cebolas tomates e pementos. Polo visto todo o que miraba debía de ser obra dun raposo. O señor Claudio intentou amañalo. Pouco fixo, colleu todo e marchou. Cando chegou á casa, o primeiro que fixo foi ir á casa do seu amigo Vicente; el díxolle que non se preocupara que non volvería a pasar. O señor Claudio marchou máis consolado para a casa. Ó día seguinte o señor Claudio volveu coller o burro e a bolsa e marchou pero quedou pasmado, pasara o mesmo có día anterior. Todo estaba removido. Volveu a ir á casa do seu amigo Vicente e decidiron acabar con todo.

Un día pola noite, que polo visto é cando o raposo ía á veiga, o señor Vicente colleu a súa escopeta e marcharon cara a veiga. E así foi. O raposo estaba alí. O señor Vicente disparou e, claro, como tiña tan boa puntería deulle e matouno. Os dous colleron ó raposo morto e marcharon. O raposo gardárono na casa do señor Vicente e ó día seguinte pensaron: ¿E se lle arrancamos a pel?

-Podíamos sacar moito diñeiro -dixo o señor Claudio.

-Moi ben, despois de comer sacáremoslle a pel.

E así foi. Vendérona e sacaron moito diñeiro, que lle axudou a saír da pobreza.

1º PREMIO Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

O DEBUXANTE

de M^o. VICTORIA ARGIBAY MARTINEZ 8º nivel COLEXIO VIRXE MILAGROSA de BUEU

Había unha vez un debuxante de historietas de cómic. Era de aspecto agradable, tiña o cabelo negro e os ollos verdes, era delgado e vestía de pantalón vaqueiro e camisa a cadros. Vivía nunha casa preto dun bosque, nas aforas da cidade.

Era un día pola noite, había tronada e a choiva impactaba violentamente contra os cristais das ventás.

Chamábase Martín, naquel momento encontrábase no seu recuncho favorito, que estaba situado na súa habitación.

Ó día seguinte tiña que levar unha tira de viñetas para o xornal local, aínda non sabía que facer, dixeranlle que llas dedicara ós máis cativos, pero ¿Como lle gustaban ós nenos de agora os personaxes de historietas?

Martín non se realcionaba moito coa xente e menos cos nenos, todos dicían que se aillaba da sociedade, el só coñecía ós traballadores da redacción do xornal.

Case non coñecía a súa familia e a súa mala memoria non lle permitía recordar o lugar onde residían os seus pais.

Eran as dez e xa era noite pechada, e a el sen ocorrírselle nada. Ás once e media, ¡bingo! xa o tiña, faría un extraterrestre moi peculiar e divertido, estaba seguro de que sería un éxito entre os cativos.

Preparou o seu estudio con materiais de debuxo e comezou.

Inventou un boneco, pequeno de estatura, con dúas grandes antenas retorcidas en espirais cun pequeno pantalón rematado en picos desiguais.


O pequeno marciano tiña que ter un nome, algo pouco común e extravagante, Martín chamou-no Telemeco, pero para os amigos sería Meco.

O primeiro que debuxou foi o seu planeta e despois comezou a historia, todo comezaría cando Meco nacera. Martín fixo o seu nacemento e os cinco primeiros anos de forma moi resumida, a partir dos cinco anos empezaría-lle os primeiros problemas e aventuras.

Nas viñetas reflectábase que Meco namorábase dunha rapaza da súa escola e tiña que enfrentarse co matón da escola...

Pero de súpeto un lóstrego cegou a Martín, parecía que entrara pola fiestra pero nada se rompera nin se queimaba.

Martín ía seguir debuxando cando Meco, que gracias a ese misterioso lóstrego recobrou vida, queixouse:



-Oes Martín, ¿Por que fas todo tan difícil?

Martín preguntou abraiado e asombrado á vez. ¿Quen falara?.

Meco díxolle que era el, o seu marcianíño.

Martín seguía sen crelo, ata que no papel Meco comezou a moverse.

-¿Qué ocorre aquí?- preguntou o debuxante.

-Non ocorre nada, son eu, Meco, teño vida coma ti -dixo Meco, un pouco enfadado xa- e para que saibas a túa historia non me gusta. Eu non quero loitar contra esa bola de sebo que ti dis que é o matón do colexio, ¡que non quero, faltaría máis!

-Pero ti non me podes esixir que cambie a historia, eu son o debuxante- díxolle Martín un pouco mosqueado.

-¡Xa, xa! Se non cambias os debuxos fluxo e non me volves a ver máis.

Meco e Martín sostiñan unha acalorada discusión sobre se cambiaría a exposición da historia ou non.

Finalmente e despois dunha hora discutindo Martín accedeu a cambia-la historia sen el, Meco, tiña outra mellor.

Meco díxolle que o debuxara no aeroporto interestelar, xa que iría a dar a volta ó universo nuns dez anos. Todos estarían contra o seu propósito pero el decidido emprendería aviaxe.

Todo ben ó despegar e nos primeiros fantómetros que percorrera, pero que despois tivera que facer unha aterraxe forzosa nun planeta que resultaría ser a Terra, e alí coñece a un home, que sería Martín, e quedaría para sempre na Terra, e neste planeta percorrería innumerables aventuras.

A Martín non lle convencía de todo a historia de Meco e comezaron de novo a discutir.

Esta vez Meco enfadouse e así, sen máis, volveu ó papel.

Martín ó mirar que Meco volvía ó pequeno cadro de papel decidiu facer unha mextura entre a súa idea e a de Meco.


Xa eran as cinco da mañá, o tempo pasara voando, Martín tiña que remata-las viñetas para o xornal.

Ás oito, alguén chamaba á porta, Martín espertou sobresaltado, foi abrir, e alí estaba o mensaxeiro do xornal que viña busca-las viñetas. Martín estaba un pouco apurado xa que quedara durmido sen acaba-lo cómic.

Martín foi ó estudio a busca-lo que tiña feito, e para a súa sorpresa o cómic estaba rematado.

Colleu c cómic e caíulle un trociño de papel no chan que dicía: **“Na próxima chego á Terra”** Meco.

A historia foi un éxito e Martín tivo que acaba-la e inventar outras, pero sempre coa axuda de Meco que tódalas noites saía do impreso e facíalle compañía a Martín.



Se debuxante queres ser, / boas ideas has de ter.

2º PREMIO Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

OPERIGO ASEXA A SIMÓN

de JUAN SAMPEDRO PIÑEIRO 6º nivel COLEXIO VIRXE MILAGROSA de BUEU

A historia que vos vou a contar ten como protagonista un pequeno peixe chamado Simón. Simón vivía moi preto da Costa da Morte, cos seus pais e a súa irmá. Como aínda era moi pequeno, Simón non tiña que traballar, o seu oficio era ir á escola tódolos días. Simón tiña que erguerse moi cedo, porque as clase empezaban ás oito da mañá. Como era moi dormilón e preguiceiro nunca escoitaba o ruído do seu despertador, pero súa nai encargábase de espertalo. Despois de comer algo collía a súa carteira e ía nadando ata a parada do peixe-autobús que o levaba a moita velocidade cara á escola. Houbo un tempo en que a encargada do transporte era unha tartaruga pero, como sempre chegaba tarde decidiron cambiar o medio de transporte. Simón ía moi contento á clase porque lle gustaba moito aprender cousas novas, e o seu profesor, Don Calamar, era realmente bo. Simón sempre sacaba moi boas notas porque era moi estudiso. No recreo a Simón gustáballe xogar á pelota cos seus amigos e así tranquilamente ían pasando os días.

Pero un día a vida de Simón ía cambiar. Foi un venres cando lles explicou o profesor como era a vida duns seres chamados homes que vivían en terra firme e dos que Simón nunca oíra falar. Movido pola curiosidade de coñecer persoalmente algúns destes seres, o sábado colleu a súa mochila e decidiu ir de excursión. Despois de nadar un longo tempo Simón, chegou a unha chea de penedos o que lle indicaba que estaba preto do sitio onde vivían os homes. Movendo as súas aletas a gran velocidade Simón foi subindo cara a superficie. Era a primeira vez que Simón vía a luz do día e sorprendeuse de ver tanta claridade.

Achegouse un pouco máis á costa e entón ollou algo moi raro enriba dun penedo, era unha criatura como as que describira Don Calamar, tiña o pelo escuro, o seu corpo non tiña escamas como as de Simón e aquela especie de paos que saían do seu corpo debían ser o que Don Calamar chamara brazos e pernas. Simón decidiu achegarse un pouco máis a el para poder ollalo ben, pero axiña se arrepentiría. Aquella criatura mirouno e con moita axilidade atrapouno nas súas mans. Simón estaba morto de medo ¿Qué lle ía pasar agora?. A criatura levouno ata un sitio moi raro para Simón, pero despois lembrou que aquilo era unha casa, o lugar onde viven os homes e de súpeto atopouse metido nunha especie de pequeno mar aínda que cando quería saír tropezaba cunha superficie que el non vía pero que lle impedía escapar. Simón empezou a chorar e a pensar que non debiera marchar da casa. Seus pais seguro que estaban preocupados e agora el non podería voltar nunca.

Simón estaba tan, tan triste que apenas se movía, aquela criatura botáballe de comer pero el non tiña fame, el só quería voltar á súa casa, coa súa familia. Pasaron dous días e Simón sentía que ía morrer, xa lle parecía non senti-lo aire no seu interior e foi entón cando sentiu que alguén o collía: Simón pensou que o ían matar e pechou os ollos. De súpeto Simón sentiuse libre, aquelas mans soltárono. Con medo de que o volveran

atrapar, Simón empezou a nadar tan rápido como lle permitían as súas aletas e axiña chegou á súa casa, entón volveu a coller forzas e sentiu que a vida voltaba ó seu corpo. Cando atopou a súa nai, Simón sentiuse feliz e decidiu que nunca máis se achegaría á costa porque ó mellor non tería tanta sorte, o home non sentiría mágoa por el e nunca voltaría á súa casa. Dende aquel día Simón viviu moi feliz coa sua familia naquel recuncho do mar.

***O peixiño quería o mundo coñecer
pero a súa aventura case o fai morrer.***



3º PREMIO Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

VOLTA O PASADO

de ROBERTO GONZÁLEZ NOVAS 8º nivel COLEXIO PÚBLICO DE BUEU

Estaba Uxío, na biblioteca nova lendo un libro moi vello e cando rematou de lelo, preguntoulle ó bibliotecario se había a II parte do libro, pero o bibliotecario díxolle que o había pero que quedara perdido na biblioteca vella.

Uxío que non estaba disposto a deixa-lo conto a medias, marchou cavilando sobre o asunto e logo de tres días decidiuse a visita-la biblioteca vella, á procura do libro.

A biblioteca era un edificio antigo que no seu tempo, a Idade Media, fora un castelo dos máis importantes do país, no que morrera asasinada toda a Familia Real. Cando chegou á porta da biblioteca un calafrío percorreulle o corpo, pero Uxío seguía adiante.

Unha vez no interior da biblioteca cendeu a lanterna e comprobou que a biblioteca estaba chea de po. Pero seguía a busca-lo libro e atopou outros libros pero non o que el quería. De súpeto atopa, por casualidade, un pasadizo secreto que estaba agochado detrás duns estantes. Entrou con moito coidado e logo de pasar por un túnel sae a un lugar moi raro, onde os homes vestían unha roupa que parecía da Idade Media.

Todo estaba moi limpo e o barullo era inmenso, el viu que as armas que levaban eran espadas e máis espadas. Nisto unha chispa saltoulle no cerebro e decidiu que estaba no pasado, concretamente na Idade Media. Acababa de pasar por unha porta do tempo.

Uxío non sabía que facer, pero nisto chegaron un soldados do outro bando e levaron a todos prisioneiros, para o castelo que fora ocupado horas antes polo inimigos e tomaran prisioneiros á Familia Real.

Só quedaron a salvo él e unha rapaza que estaba na cociña, estivo conversando con ela e despois de se agocharen nun lugar máis seguro estiveron falando durante varias horas.

Á fin da conversa decidiron ir a salva-la Familia Real, pero nese mesmo instante chegou un home dicindo que acabaran de mata-la Familia Real agás á Princesa Elena que ía ser asasinada pasado mañá.

-Témola que salvar. -díxolle a Ánxela que así se chamaba a rapaza que sobrevivira ó ataque.

-Iso xa o sei, ¿pero cómo?

-Non sei, pero algo ténsenos que ocorrer.

-¡Xa sei!

-Pois ... ¿a que esperas?. ¡dimo xa!-

-Pois o plan é o seguinte, se estás de acordo, mañá pola noite entraremos por unha cova que hai acochada no lado detrás do castelo, xusto onde está prisioneira a Princesa. Logo subiremos con coidado as escaleiras e un de nós distrae ó garda, mentres o outro vai rescata-la princesa. E unha vez rescatada a princesa fuximos polo mesmo sitio de onde viñemos.

-De acordo, entón mañá á noitiña vémonos na cabana.

E así foi, cando empezou a escurecer, os dous rapaces reuníronse na cabana que estaba agochada debaixo da terra. Cando todo estivo listo foron a executa-lo plan, como fora previsto e dalí a unha hora estaban os tres agochados na cabana

Despois dos agradecementos por parte da Princesa, presentación e demais cousas que falaron ,foron para a cama, xa que a Princesa marchaba pola mañá cedo para Londres onde vivían os seus tíos, os Condes de Londres.

Cando Uxío se ergueu, xa non estaban nin a princesa nin Ánxela, que xa se eregueira antes pero había unha nota que dicía:

Querido Uxío:

Cando leas esta carta xa non estarei aí. Funme sen despedir porque cando nos erguemos estabas tan durmido que me deu pena despertarte.

Pois o certo é que me vou para Londres coa Princesa e quería che dicir que foi un pracer coñecerte.

Unha forte aperta de

Ánxela

Uxío ó rematar de le-la carta caíanlle as lágrimas e marchou andando para a vila, cando viu unha luz cegadora procedente dunha especie de cova. Uxío asomouse e puido comprobar que era a porta do tempo que estaba alí, agardando a que el pasara para volver ó seu mundo.

Uxío con paso lento, pasou a porta e de súpeto saíu sumerxido nun inmenso parque. Era o parque do palacio que aínda se conservara, como el o vira na súa viaxe, non cambiara nada. o castelo aínda estaba alí.

Gracias a súa viaxe, salvara o castelo da vila. un dos máis fermosos do país, e todo gracias a Uxío e á súa viaxe

ACCÉSIT Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

HISTORIA DUNHA ERVILLA

de CARMEN NOVAS FERRADÁS 7º nivel COLEXIO P. 'A PEDRA' de BUEU

Esta é unha historia dunha pequena ervilla travesa e angaralleira: Ervilliña.

Ervilliña era unha ervilla normal, coma todas. Naceu unha mañá chuviosa de primavera, nun prado de cultivar legumes, dentro dunha vaíña verde. Ela estaba moi impaciente por saír dela, e tódalas noites soñaba como sería o mundo, As súas irmáns, que estaban con ela na vaíña, tamén tiñan curiosidade por coñecerlo e cada mañá preguntábanlle o que soñara durante a noite. Ervilliña, anque non pensaba (nin moito menos) que fose certo, relatáballe os seus soños. E así vivían, dentro da vaíña, esperando a que chegase o día no que puidesen saír.

Por fin, un día sentiu como arrincaban a súa vaíña da planta, xa que as estaban recollendo. Ervilliña foi levada, coas súas irmáns, a unha casa, onde unha muller abriu as vaíñas e vaciou tódalas ervillas nun caldeiro.

Máis tarde, a muller separou as ervillas en dous grupos. A unhas meteunas en bolsas (máis tarde soubo Ervilliña que ían morrer conxeladas) a ás outras apartounas para un prato. Entre estas últimas ía Ervilliña, a nosa protagonista.

Ó día seguinte, Ervilliña espertou sofocada e con moita calor. Foi informada polas súas compañeiras. ¡Meu Deus! ¡Estábana guisando!. Acurrunchouse nun lado da tarteira, onde non chegaba tanto a calor. Moitas das súas compañeiras xa faleceran, pero ela logrou resistir á calor, e ó cabo duns minutos xa estaba servida nun prato.

Sentiuse algo aliviada, pero este alivio non lle durou moito, xa que viu que un garfo intentaba pinchala. “¡Non pode ser!”, pensou Ervilliña, “¡Vou se-lo xantar dun cativo!”, pero por sorte para ela o garfo esvarou nunha pataca e Ervilliña saiu despedida polos aires, foi parar o chan.

Unha vez alí, barreuna unha vasoira e foi depositada nun recolledor, do recolledor pasou a unha papeleira e máis tarde foi parar a un camiión da lixo. Sentiu como era transportada (con moitos quilos e quilos de lixo) ata un vertedeiro, onde se atopou entre unhas vellas televisións enfurruçadas. Fixo amizade con elas e quedouse alí certo tempo.

Un día un paxaro colleuna entre o seu pico e levouna voando polos aires. “¡Mamaíña, que triste fin!” ¡devorada por un paxaro! pensou a nosa amiga. Mais os seus pensamentos eran equivocados, pois o paxaro soltouna e Ervilliña voou ata caer nun xardín.

No xardín foi parar entre unhas margaridas que saudaron amablemente, axiña, se fíxo amiga delas, e tamén das outras flores, rosas, lirios, xasmíns, pensamentos...

Alí viviu uns meses, moi feliz, pero un día houbo unha terrible treboada e sen saber como, Ervilliña quedou enterrada na terra. Desgraciadamente, as súas amigas, as flores non oiron os seus berros de auxilio, e Ervilliña morreu alí, baixo a terra.

Ó cabo dun tempo onde morrera Ervilliña, naceu unha fermosa planta. A dona do xardín, a que lle gustaban moito as plantas e as flores, cultivouna e coidouna con moito cariño ata que foi unha planta adulta que deu unhas sabrosísimas ervillas.

E aquí remata xa a historia de Ervilliña que viviu mil aventuras e tivo moitas amiguiñas.

ACCÉSIT Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

A CASA DOS ESPÍRITOS

de M^a SOCORRO PIÑEIRO SANTOS 8º nivel COLEXIO VIRXE MILAGROSA DE BUEU

A miña familia era moi tranquila e alegre ata que a miña nai destinárona a outro lugar e tivemos que mudar. Trasládámonos da ruidosa cidade de Santiago, a un pequeno pobo costeiro. A miña nai era oficinista, un traballo duro e agotador. Era a flor da súa oficina. Todos tiñan unhas caras longas e queixábanse polo traballo. Ela traballaba moito, pero nunca perdía o seu alegre sorriso. Estaba moi ocupada, aínda que sempre tiña un pouco de tempo para ocuparse do noso ganster Rocky e de min.

Iso era antes de que chegásemos a aquela misteriosa vila. Ó chegar fomos a unha pequena caseta que poñía "Información" cunhas letras tortas nun taboleiro case podrido. Preguntamos por unha casa que fóra alugada facía pouco, indicounos o camiño e alí fomos.

Era unha casa un pouco vella, pero grande. Na parte principal había unha gran porta, moitas fiestras e unhas escaleiras podridas. Abrimos a porta, cruxiron os gonzos. Todo era escuridade. A miña nai abriu unha fiestra e as xoguetonas raiolas do sol deixaron velo contido da casa. Estaba baleira, iso si, con moito po, pero naquel momento non me importaba, xa teríamos tempo de arranxalo todo.

-Cuns cantos arranxoos quedará coma nova, ¿Verdade Charo?

-Si, mamá -contesteille- pero, ¿Onde está Rocky?

-No coche, ¿Quérelo moito, verdade?

-Si, pero quérote máis a tí -dixen eu dándolle unha aperta.

Os días pasaban e naquela vila non encontrábamos un só albanel que quixera traballar na nosa casa. Á fin, nun pobo atopamos a dez albaneis dispostos a traballar. Viñan a casa tódolos días excepto os domingos. Ó cabo dun mes xa estaba arranxada. Parecía outra casa, máis branca, máis limpa, máis bonita, era diferente.

Pasaron dous meses. A miña nai era moi feliz no seu novo destino e eu moito máis, na nova escola. Agora tiña un precioso diario que mercara a miña nai como agasallo para o meu cumpleaños. Tiña as tapas floreadas, o seu interior cheiraba a arecendo e pasa-las súas folliñas era



unha delicia para o nariz. Comecei a escribir tódolos feitos alegres que me ocorrían. Ata que un mal día, esas alegrías convertíronse en mágoas.

"Día 15 de marzo de 1907.

-Estou moi preocupada. A miña nai non volta á casa á hora de cear, debido á cantidade de traballo que ten, e mentres eu quedo soia con Rocky nas tardes frías e escuras de este tempo.

Gustárame ter un can. Oio ruidos que non sei de donde proceden. Ó principio pensei que era cousa da miña imaxinación, pero Rocky tamén está alterado. Parece que a casa está enmeigada. Dende un días atrás pasan cousas moi raras, aínda que non llo conto a miña nai. Oio ruidos estraños e murmurios e tamén grandes risotadas."

Foi a primeira vez que trasmitín as miñas preocupacións ó meu alegre diario, e despois desta seguiron moitas outras. Quería decirllo a miña nai, pero tiña medo de que non me crese. Non sabía que facer. As notas eran cada día peores, sempre facía as cousas mal... Convertínme nunha rapaza solitaria. As miñas amigas afastábanse de min. Eu non quería falar con ninguén. A miña nai chegou a levarme ó psicólogo. Nas sesións estaba calada, intranquila, non tiña confianza naquel home. El debía saber, pois non me apuraba, somentes miraba con moita atención. Quería que eu falara por min mesma. A hora pasaba sen dicirnos nada e eu voltaba á casa con medo. Voltar a estar soia. Iso preocupábame.

"Día 1 de abril de 1907.

Xa non podo máis. Os murmurios óense máis cerca. Xa case podo distinguir a conversa. Intento escapar desta casa embruxada, pero non podo. Na soidade do bosque volvo a escoitar esas voces. ¿Estarei tola?"

"Día 20 de abril de 1907.

As voces seguen tódolos días. Pero hoxe pasou algo sorprendente. Desixei a miña boneca Susú enriba da cama pola noite, e pola mañá volvína a ver alí. Pero ó voltar do colexio ó mediodía, xa non estaba. Busqueina e atopeina na caixa onde gardámo-lo pan.

Pregunteille a miña nai se a puxera alí e díxome que non. ¿Quen sería?"

Xa non agantei máis. Nunha sesión desa semana escachei a chorar e conteille todo ó psicólogo. As voces, a boneca, o papel das paredes caendo en anaqueños e deixando ver esceas monstruosas, a desaparición dos libros, da roupa de verán, dunha cadeira ... Tódalas mágoas que levaba dentro descargueinas como quen conta un pesadelo a súa nai. O rematar sentínme aliviada. Volví á casa. Alí estaba miña nai cunha expresión sorrinte na cara. Mireina, cuns ollos suplicantes e pedílle que nos fóramos. Colleume nos brazos e abandonámola casa.

Xa na nosa nova casa, ó pasar un mes, saíu no periódico un artigo "Os Espíritos" na que se contaba todo o que nos ocorrera e a causa de todo iso. O pobo sabíao, pero gardouno como quen garda un fermoso segredo. A causa de todo tiña unha familia do século pasado, que invocou os espíritos e logo non cerrou ben a porta da malvada dimensión. Confesárono os veciños máis vellos.

Miña nai confesoume que ela tamén escribira un diario. Ela tamén asistía ás consultas co psicólogo, tamén lle ocorrían cousas coma as miñas... Lín o se diario e víu que era igualiño ó meu. Decidimos queimalo, como se fose un mal recordo. Eu volví a se-la simpática rapariga de antes e a miña nai a alegre oficinista..

ACCÉSIT Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

A BALEA MUIÑEIRA

de RAQUEL DÍAZ PORTELA 6º nivel COLEXIO VIRXE MILAGROSA DE BUEU

A balea era un lindo animal que un día herdou un muíño vello.


Como era moi pobre e non tiña máis que unha choza, colleu as súas cousas e foise a vivir nel.

A balea que era moi coidadosa limpou e arranxou todo dándolle outro aspecto.

Colocuo flores, puxo cortinas nas ventás e pintou as paredes, ó muíño vello parecía novo.

Pero despois empezaron as dificultades para a balea, ninguén acudía ó seu muíño pois usábanse métodos máis modernos e rápidos de moer o trigo.

A pobre balea estaba desconsolada.



Unha noite mentras a balea durmía desatouse unha gran tempestade no mar.

O muíño vello empezou a desprenderse dos seus alicerces e foi arrastrado polo mar.

A balea estaba asustadísima, e o muíño seguía a súa enlouquecida marcha polo mar, dando impresionantes voltas e acercándose perigosamente ás altas rochas.

Por fin a treboada cesou e o muíño pousouse suavemente na area, os mariños saudaron á balea pola súa chegada.

Pasado un tempo un gran número de mariños invadiron o muíño durante aquela terrible tempestade perderáñse e buscaban refuxio.

A balea ía a ter moitos amigos

Preto de alí había un pobo de agricultores que asiña levaron sacos de trigo a moer.


A balea tivo moitos clientes que a cambio do seu traballo, ofrecíanlle toda clase de alimentos.

Un día a balea decidiu casar co seu noivo Lolo, invitaron ás outras baleas, os atúns, as sardiñas, os delfíns e ata os carangexos.

Tiñan que preparar o muíño para aquela ocasión, puxeronlle lazos e flores.

Por fin chegou o día, as dúas baleas estaban moi nerviosas.

Houbo un gran esforzo, os carangexos movíanse para atrás co ritmo da música, os



delfíns saltaban, as sardiñas movían a cola, os delfíns tocaban e os atúns cantaban.

A orquesta "A BALEA E O ATÚN AMIGOS PARA SEMPRE" tocaban e cantaban cancións de Laura Pausini, de Ana Belén, e Victor Manuel, de Madona, e de Amistades Peligrosas.

Todo foi moi bonito, ó remata-la voda fóronse de lúa de mel a Londres-Mar, alí estiveron unha semana, despois volveron á casa.

Pasou o tempo e a familia fixose cada vez máis grande, a nosa amiga a balea, era xa avoa.

Quería moito ó seu neto, sempre lle facía visitas e ela poñíase moi feliz.

Un día preguntoulle como conseguira o muíño, ela contoulle todo o que pasara neste na súa xuventude.

Dixólle o seu neto, que cando ela morrera herdaría o muíño vello, o seu neto púxose moi contento e prometeulle que o ía coidar moi ben.

Tivo dous netos máis e tanto eles como os seus pais querían moito á balea, coidárona e mimárona moito.

***a balea era feliz
e comeu perdiz.***

ACCÉSIT Categoría - C (2ª Etapa de EXB)

O ESPELLO MÁXICO

de PABLO NÚÑEZ CAIÑO 6º nivel COLEXIO PÚBLICO DE BUEU

Hoxe, na casa quedei eu só porque os meus pais e a miña irmá fóronse de vacacións a Francia e non voltarán en dúas semanas.

Os meus non me deixaron ir ó faiado. Eu non sabía qué poderían ter alí porque eu nunca fora, aínda que tiña pensado ir. Así, á mañá seguinte decidín chamar os meus mellores amigos, en total eran catro, Xoan, Ricardo, Iván e Antonio. Decidimos subir, eu ía de último porque tiña moito medo, Xoán ía primeiro, segundo Antonio, terceiro Iván e cuarto Ricardo.

Entramos, pero con moito medo. Empezamos a rebuscar nas caixas, no medio dos cartóns, etc., pero non atopamos nada ata que eu tropecei cun ferro e caín nun espello no cal me escurrín. Era un espello máxico e os meus amigos tamén se meteron porque non me querían deixar só. Cando nos metimos era todo como se fose un burato escuro. Nuns intres chegamos a un sitio moi raro e tan pronto estivemos alí atendeunos un robot que se chamaba C.P.80 e mandou vir un autobús aéreo para ir ó centro da cidade e alí os camareiros, os cochiños dos nenos, etc. eran todos robots.

C.P.80 levounos a dar unha volta polo centro da cidade, era moi bonita; os coches falaban, as motos voaban... Nos íamos nunha moto cando empezou a chover e toda a cidade de Cheina, que así se chamaba, mollouse e como a auga estropea ós robots, a cidade tamén se estropeou porque todo era electrónico, e non se ía arranxar en catro días. Nos votabamos de menos a C.P.80 porque el nunca se ía poñer ben, así que fúmonos da cidade por medio do espello e, cando chegamos a casa, de súpeto o espello máxico esfumouse. Eu mandei da casa os meus amigos porque dun momento a outro ían chegar os meus pais e a miña irmá.

Collín a bicicleta tan pronto como puiden e fun mercar un espello sinxelo como aquel para que non se deran conta os meus pais. Cando voltei da tenda deixei a bicicleta no garaxe collín unha escaleira e entrei pola fiestra, coloquei o espello que mercara na tenda e deixei no onde estaba o outro. Cando baixei polas escaleiras para ir á miña habitación sentín ruídos; eran os meus pais e miña irmá. Metinme na cama e, de alí a un pouco, chegou meu pai a ver se estaba a durmir. Eu facía que durmía, coma se non pasara nada



RAFAEL DIESTE nos artigos de JOHAN CARBALLEIRA

VERBAS INCIDENTAES

FARO DE VIGO Data.- **11-11-1927** Páx. **11** Asina .- **JOHAN CARBALLEIRA**

“...S’é certo qu-o noso renacemento ha vir do agro, das vilas, forzoso será ter lavádol-os ollos totalas mañás e a lingoa solta e limpa, dimposta a faíar. Es sacudir a perguiza, escorrentar a fasquía, ceibar os degoros. E deixar de surrir e calar, **Rafael Dieste**, ja sinalou que unha das nosas mais maiores e mortaes enfermédas é a “surrias encolleita de hombros”. E así non se pode ser un pobo, no verdadeiro senso da verba. Nin, sen preñez de inquedaanza e augurios, hachar concreición e sitio na morfología a devenir da nosa vida. Que zoe, pois un vento degarado tépedo, de loita acesa e jovial, e que non seja ja mais todo o pan espiritoal da vila a crónica sanguiñenta, a reseña dos deportes e os artigos do “ABC” e mais o “Blanco y Negro” ¡Cultura, cultura; renacemento!...”

UN LIBRO DE AMADO VILLAR

EL PUEBLO GALLEGO data.- **9-03-1928** Páx **8** .- Asina .- **JOHAN CARBALLEIRA**

“Sen olvida-los libros de Emilio Mosteiro, Augusto María Casas, Juan Vidal Martínez e os tan esperados -agora en prensa- “Alalás” de Eugenio Montes. Novas colleitas verdes de sol preparanse no xuvenil abrente. Agardamos ese “Alfabeto” do admirable Otero Espasandín. Augusto María Casas intenciona editar unhas “Follas da nova lírica galega”, cadernos que conterán orixinais da nosa máis apetecible xuventude. Montes, Manoel Antonio, Correa Calderón, Vidal Martínez, Casas, Espasandín, **Dieste**, Bouza Brey, Bal, Blanco Amor e algún outro...” (T)

SECCIÓN: ORTOGRAFÍA GALEGA

PUNTUIZACIÓN

EL PUEBLO GALLEGO Data.- **8-4-1928** Asina .- **JOHAN CARBALLEIRA**

“Ja que nesta vegada fun eu o quijote da saída, permítaseme engadir dúas verbas, a geito de apostilla ao artigo de Jesús Bal, puntuizando.

(Confeso que con Montes, Espasandín e **Dieste**, era a Bal, de entre o grupo mozo e novo, dos que tiñan maior interés nescoitar). Quijéramos que non se nos fugira a súa talentosa intervención no debate. Se serviran para lla apreijar...”

TORNAVOZ

EL PUEBLO GALLEGO Data.- **28-06-1928** Páx. **12**. Asina .- **Johan Carballeira**

“Temos aquí dúas posibilidades, todas miolo para dar entre pacotilla monopolizadora nas carteleiras ó uso. “Hostia”, de don Armando Cotarelo. Galega, teatral, de fácil percusión. E “**A fiestra valdeira**” -máis empinada, de máis fondas proxeccións- de **Rafael Dieste**, ese gran rapaz que nos achega dez horizontes coas súas mans.” (T)

O CINECLUB EN GALICIA

EL PUEBLO GALLEGO Data.- **12-1-1929** Páx.- **2** Asina .- **JOHAN CARBALLEIRA**

“Por iso a pura mirada polifémica do Cinema traerá un novo sentido urbano ó espírito de Galicia, aquí onde aínda permanece ancorado no letal fondo dunha arte sucia de tempo e ruralismo e de non seguir diluíndonos nun fatal sonambulismo, nun escéptico ‘sorriso encolleito de homebreiros’ -admirado **Dieste**- forzoso será conecta-lo noso movemento ó ritmo universal...” (T)

JUAN DE LUZ Autor: RAFAEL DIESTE

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 10-XI-1929 Páx. 9

"Non desexo nutrir de valoracións estas páxinas suplementarias, agora a min encomendadas, traio aquí un orixinal de Rafael Dieste, macerado actualmente en silencios xerminais, que darán días insólitos a Galicia. A amizade que me une a Dieste foi celestina desta alegría; así publicamo-lo presente conto, ignorándoo a el mesmo. Os nosos lectores agradecerannos o fraude que lles permite gustar dunha fina páxina deste mozo literato, o máis alto valor, sen dúbida, no panorama renacente das nosas letras.- Johan Carballeira (T)



A RÍA DE AROUSA MARABILLA DE GALICIA... VEU NACER MÁIS DE TRINTA ESCRITORES E ARTISTAS

ESTAMPA Data.- 30-9 1930 e **GALICIA** decembro de 1930.-Úl Asina .-JUAN CARBALLEIRA

"Rafael Diseste.- Tamén de Rianxo. A mente máis esclarecida da nova xeración galega. Novelista, dramaturgo, filósofo, ensaísta. 'A fiestra valdeira' é a mellor obra de teatro que se escribiu ata agora en Galicia." (T)



AS MISIÓNS PEDAGÓXICAS EN GALICIA

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 13-10-1933 Páx.-Úl Asina .-JUAN CARBALLEIRA

"UN MISIONEIRO.

Agarrándome efusivamente nunha aperta, Rogelio Pérez González, inspector de Primeira ensinanza e inspector de tódalas nobres e belas cousas que transfiguran a paisaxe espiritual de Galicia, dicíame con emocionado xúbilo:

-Xa sabes que está aquí, en Pontevedra, Dieste, Rafael Dieste, que vén ó fronte c'un equipo das Misións Pedagóxicas, nun percorrido por Galicia.

Que as Misións Pedagóxicas, organismo de positivo e virxinal signo cultural creado pola República chegasen a Galicia, era certamente un motivo, certamente, de satisfacción e alborozo para calquera que verdadeiramente ame ó noso bo pobo humilde e desexe velo alzipramado e incluído nesta benemérita empresa de superación que cala a alma do mundo moderno. Pero que ó fronte desas Misións viñese un xove da calidade de **Rafael Dieste**- da súa alta calidade moral e intelectual-, xenerosa e exemplar figura desta galaxia moza do renacer galego. Extravasaba o feito ás máis augurais fronteiras de interese e perfección.

Desde sempre, Dieste foi o gran misionero de tódalas cousas de estirpe nobiliaria e espiritual. Vivo e perenne está entre tódolos galegos de mente lúcida o seu ademán de sementador fervoroso e desinteresado, o seu labor, ininterrompido mitin poético, a súa actitude, puramente profética (tódoo contrario dun político e dun pedagogo ó uso). Pero eu agora, incapaz de descubri-lo seu exacto perfil e traduci-lo seu acento darei en abreviatura unhas palabras súas, ditas na intimidade, que calquera eséxese profusas, palabras que son toda unha exemplar lección para a xuventude.

"Quero que os meus actos dean o seu tanguido xusto e que ese tanguido teña a súa xusta resonancia. Resonancia sen tanguido, tanguido sen acto, disgústame (como un pesadelo no que vise a miña sombra moi medrada, sen ver, sen senti-lo meu corpo). Fluxo do baleiro renome, o máis apostado ó xusto nome con plenitude de sentido".

Temos aquí ó home -recto, firme, lúcido e esforzado, lexionario do batallón da fe que arengou don Miguel Unamuno desde as páxinas apaixonadas da súa "Vida de Don Quijote e Sancho"- que hoxe percorre o corazón recóndito de Galicia ó fronte das Misións Pedagóxicas, para acercar ó pobo sinxelo dez horizontes ecuménicos coas súas mans fraternas e parabólicas.

AQUELES RAPACES...

Entre as páxinas publicadas hai anos por don José Ortega y Gasset, atópanse estas palabras ó comezo dun ensaio sobre Pío Baroja; "Hai seguramente unhas cantas ducias de xoves españois que, afundidos no escuro fondo da existencia provinciana, viven en perpétua e tácita irritación contra a atmósfera circundante. Paréceme velos no recuncho dun casino, silenciosos, aceda a mirada, hostil o xesto, recollidos

sobre si mesmos cos pequenos tigres que agardan o momento para o magnífico salto predatorio e vingativo. Aquel recuncho e aquel diván de peluche raído son como unha pedra de soedade onde esperan mellores tempos estes náufragos da monotonía, o achabacamento, a abxección e a oquedade da vida española. Ó lonxe, xogan o seu tresillo, fan a súa menuda política, tecen os seus mínimos negocios as “forzas vivas” da localidade, os homes constituíntes deste ominioso instante nacional.

A eses rapacez díscolos e independentes, resoltos a non evaporarse na ambiente impureza, dedico este ensaio, onde se fala dun home libre e puro, que non quere servir a ninguén nin pedir a ninguén nada”.

Aqueles rapaces, son estes mesmos que agora, aquí e alá, incorporados activamente á tarefa de superación nacional iniciada pola República, andan despabilando as horas, aínda duras e ruíns, dun país lisiado pola inercia e unha gobernación incivil e basta. Aqueles mesmos rapaces son estes que van ó fronte das Misión Pedagóxicas levando na súa xenerosa peregrinaxe por vilas e aldeas, o signo dunha vida máis limpa, máis digna e máis chea de exemplaridade universal. Aquel espírito, en ningunha institución oficial encarnou mellor ca estas Misións. Porque o que ten -brío xuvenil e poderío espiritual- no é outro, en puridade que o que alentaba, disperso e macerado en angustias creadoras, naqueles xoves evocados nas páxinas amargas e emulsivas de “El Espectador”.

Certo que aínda perdura a escena triste e hedonista de tales casinos co seu peluche raído e os seus importantes persoaxes de raiadillo infectando a vida nacional; pero a xuventude, indudablemente que xa esta apostada estratéxicamente nos camiños, por onde virá a redención do pobo. Non outra cousa significan estas Misións, raíz e flor das mellores intencións pedagóxicas, que alumeou o novo Réxime. A través delas, as cifras máis valiosas da nova fe proxectan o seu designio creador porque as Misións, finos instrumentos de percusión e exaltación demóticas, no pobo ten a súa finalidade, sen fraude, escolasticismo, nin simulación.

O SEU ESPÍRITO E OS SEUS PROPÓSITOS

Pero **Dieste** mesmo -solas de sete leguas, boca descosida, supervisor da gran asemblea de farois e anxos da Alba- exponnos concretamente, en dúas palabras, a significación e o designio deste organismo patrocinado polo ministerio de Instrucción Pública.

As Misións de espírito; destruír certos vínculos, moi usuais, entre coñecemento e pedantería; facer que o pobo aprenda algunhas cousas útiles ou valiosas por si mesmas, sen humillalo nunca, nin humillar o seu coñecemento natural ó dicirlas...

-¿De que medios dispodes para ese labor?

-Levamos un Museo composto de catorce copias doutros tantos cadros do Museo del Prado, que, en conxunto, permiten dar unha idea do proceso da pintura española e que dan pé a falar de varios temas históricos e artísticos, algúns apaixonantes para a xente. Desde un punto de vista espectacular chaman a atención o “Auto de Fe” de Berruguete e os “Fusilamientos” de Goya. Gusta moito o “Sono de Jacob” porque parece “talmente” un labrego de verdade a durmir.

Os demais cadros -do Greco, Velázquez, Sánchez Coello, Zurbarán- gustan máis cando se explica o seu mérito artístico. Murillo resulta moi afagador, sobre todo para o gusto feminino ou tenro.

Por certo -engade **Dieste** poñendo as súas palabras a falsiña dunha sorrisa benévola e comprensiva- que nalgúns sitios cren que levamos os cadros con “segunda”, e entón hai que definir claramente o propósito do Museo para evitar malicias e receos.

-E ademais de cadros...

-Levamos tamén cine, películas documentais -que se explican- e de amenidade; aparato de música e pezas de música popular, clásica e moderna -entendendo por modernos Falla, Debussy, Stravinsky, Ravel, etc-; aparello de proxeccións, para ilustrar algunhas conferencias; libros para ler páxinas escollidas -gustan moito os romances antigos. Con todos estes medios componse cada sesión, de modo que teña unidade. Agora tamén comenzamos a facer charlas con proxeccións divulgando os consellos da Misión Biolóxica de Galicia.

Logo, **Dieste** dime que o itinerario que lles falta comprende vilas e aldeas da Costa Brava e algunhas do interior.

-O noso propósito é deixar aquí un grupo análogo para que siga, máis frecuentemente, facendo este labor de civilización e cultura que tanto precisa Galicia.

Porque así, canto máis se asome ó mundo, mellor se coñecerá a si mesma e sentirase máis plena e máis intrépidamente creadora.

Xa o sabedes, mestres e alcaldes de tódalas vilas e pobos de Galicia: catro mozos “libres e puros” - **Rafael Dieste**, José Otero Espasandín (outro gran espírito galego), Antonio Sánchez Barbudo e Ramón Gaya- andan polas vosas terras en insólito peregrinaxe de amor e fantasía para encher á xentes sinxelas e doridas a portos da máis alta e clara humanidade. (T)



SECCIÓN: REPORTAXES DE “EL PUEBLO GALLEGO”

COS MESTRES GALEGOS QUE SE GALEGUIZAN

(Notas dunha excursión)

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 18-6-1933 Páx.- ÚI Asina .- JUAN CARBALLEIRA

“... (Fala de ‘Roxerius’) Sabédeo ben, profesor do “noso tempo”, escritor de rango, corazón filantrópico e cara de rillote, lexionario desa fecunda e lírica tropa que únicamente conta Rianxo: Castelao, Manuel Antonio, **Rafael Dieste**...

....

... que lanzou a Galicia a altos mares de fantasía e humanidade: Castelao, Manuel Antonio, **Rafael Dieste**... (T)



A TRADICIÓN DO SENTIMENTO GALEGUISTA

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 25-7-1933 Páx.-3-4 Asina .- JUAN CARBALLEIRA

“A fouce nunha man. A oliva na outra’, canta civilmente Cabanillas.

Sae ó campo das letras, invasora, iconoclasta, a nova xeración. (Internacionalismo, mitin, ‘ismos’, algunha categoría. Galeguidade). Son Manuel Antonio, Amado Carballo, **Rafael Dieste**, Maside, Montes, Otero Espasandín, Santiso Girón, Fernández Mazas, Cebreiro, Torres, Vidal Martínez, Magariños Negreiro, Jesús Bal, Alvaro de las Casas, Plácido Castro, González del Valle, Alvaro Gil, Roxerius, etcétera, etc.

.....

‘España -dixo o vir la República, Rafael Dieste- ten que dar unha gran resposta ás preguntas vivas da historia presente. Creo que a salvación virá do impulso autonomista das rexións. A desintegración -provisional- fará máis intrépida e eficiente a política de cada comarca’. E a voz máis clara e fiel a Galicia, a do Partido Galeguista, resume e proclama toda a tradición e o futuro da galeguidade con esta declaración de principios do seu programa:

‘Galicia, unidade cultural. Galicia, pobo autónomo. Galicia, comunidade cooperativa. Galicia, célula de universalidade’ “. (T)



SECCIÓN .- CARTEL DE LIBROS

”ENSAYOS”, DE JUAN PAPINI

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 16-3-1934 Páx.-ÚI Asina .- JUAN CARBALLEIRA

“Sobre a riqueza idiomática dos versos do poeta sería tautoloxía insistir, como en Otero Pe-drayo, en Castelao, en **Rafael Dieste**, no léxico de Noriega Varela repousan as virtudes máis puras e belas da lingua galega na actualidade.” (T)



SECCIÓN: TEMAS GALEGOS

A OBRIGA DA NOSA XERACIÓN

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 27-5-1934 Páx. 1ª Asina .- JOHAN CARBALLEIRA

“Mais anque a lírica atópase ben representada por catro ou cinco poetas de maior cuantía, o certo é que unha cultura non acada a súa maioría de idade ata que unha arte maior non lle dea contido. E en Galiza aínda falla a novela e o teatro. O corpo desa pubertade degoirada cunha cultura. **Teatro, na estricteza acepción que lle cumpre só temos “Afiestra valdeira”, de Dieste,** e novela, cecais a primeira con aroma e sal galegos, a próxima que Castela vai publicar. Mais non abonda isto. Non abonda para a hora chea de ardicia e vontade que vive Galiza. Si en realidade aneiamos conquistar un posto no xeral do universalismo, con perfil e voz propios, forzosamente temos que lle dar un contido cultural -vital- ás nosas arelas de liberdade e independencia. O outros e somentes “forma” e non significan nada. Eis a obriga da nosa mocidade madura con responsabilidade.” (T)



SECCIÓN: DESFILE DE FIGURAS

REPORTAXE EN TORNO A COLMEIRO E A SÚA PINTURA

EL PUEBLO GALLEGO data.- 13-6-1935 Páx.- 1 Asina .- JUAN CARBALLEIRA

O CAMPO CANTOR.

*“Entra e verás:**neste de cores idioma campesiño**dí o seu refrán o campo.**Campo cantor non é o mesmo**que campo retratado”.*

Así escribiu un día nun “Pregón á porta da sala”, para unha exposición de Colmeiro, **Rafael Dieste**, ese mozo galego tan namorado da verdade e a beleza.

Si ‘Campo Cantor’ é o das paisaxes de Colmeiro, que é dicir virtude taumaturxicamente do cadro.

“Campo que di ou canta non é o mesmo
que o seu trivial retrato”,

repite **Dieste** pregoando a verdade artística. Colmeiro non “retrata” o campo porque iso, en arte, non é nada, non é máis cunha imitación. E as imitacións son todas xordas, amaneiradas e sen vida. Nelas non resoa e canta a harmonía esencial da realidade, do modelo. A de Colmeiro é una pintura de dentro a fóra. “enxendrada”, que emerxe en puras fluencias de esencia e presenza poética. (T)



CARA A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES GALEGOS

EL PUEBLO GALLEGO Data.- 29-3-1936 Páx.- úl Asina .- JUAN CARBALLEIRA

“Despois de senta-las bases dunha agrupación escénica, selectamente organizada, que leva a termo de realidade, a idea tan desexada e longamente acariciada de poñer en marcha a realización dun teatro galego, como instrumento de galeguización e estímulo para a creación dunha escena propia, agrupación que ten xa onde nutrirse limpa e fecundamente no teatro de Valle Inclán e **nas obras de Dieste**, de Villar Ponte, de Casas, etc. “ (T)